

INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

Aula matinal e comedores escolares si, pero seguros

As ANPAS do Concello de Redondela unen as súas forzas para garantir que os servizos de aula matinal e comedor e actividades extraescolares que vimos ofrecendo durante os últimos anos se poidan organizar, tamén, no curso que agora comeza. Ante a situación de pandemia, a Xunta de Galicia publica un *Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario*. A última versión ata o de agora coñecida (31.08.2020) segue a responsabilizar as ANPAS de todo aquilo que poida ocorrer nas actividades e servizos organizadas por nós. Deixas nas mans das ANPAS a redacción dos protocolos sanitarios de ditas actividades. Carga nas familias o peso do incremento económico das actividades derivado da aplicación das medidas sanitarias obrigatorias.

Ante esta situación, as ANPAS do concello de Redondela renuncian a organizar ditas actividades e ofrecer estes servizos ata que a Xunta de Galicia cumpra dúas sinxelas e racionais condicións:

1. Deixe por escrito no *Protocolo de adaptación o contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario da Consellería de Educación* que a responsabilidade e as consecuencias sanitarias da aplicación do *Protocolo* será da Administración autonómica que é a autora do Protocolo e non as ANPAS.
2. Forneza recursos de tipo material e/ou económico necesarios para a correcta aplicación do protocolo.

A nosa vontade é continuar ofertando estas actividades e servizos, pero non podemos asumir responsabilidades que non nos corresponden.

As familias non poden asumir, máxime no contexto económico actual, o custe adicional da aplicación do protocolo anticovid19.

Por responsabilidade, por respecto e protección do alumnado e das familias, pola nosa vontade de querer seguir traballando por un sistema educativo público, de calidade, máis xusto, social e conciliador da vida laboral e familiar, as ANPAS de Redondela

convócavos a una concentración o venres 11 de setembro ás 20:00 na Alameda de Castelao de Redondela para esixir ao Goberno da Xunta de Galicia as nosas reivindicacións.

Máscara e distancia social obrigatorias

Convocan as ANPAS da: EEI A Marisma, EEI de San Pedro, EEI de Ventosela, CEIP de Quintela, CEIP Outeiro das Penas, CEIP Igrexa - Chapela, CEIP Alexandre Bóveda, CEIP de Cedeira, CEIP Porto Cabeiro, CEIP de Reboreda, CEP Santa Mariña, IES de Chapela, IES Illa de San Simón e IES de Mendiño.